

3ª edición

# BOLSA

ensaia.




Imaxe: vectorjuice

**6.000€**




PARA IMPULSAR A TÚA IDEA  
OU TRAXECTORIA PROFESIONAL  
*DE 21 A 35 ANOS*

Data límite > 20 de Novembro de 2023 | Bases en **ensaia.com**



## ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO .....	3
SOBRE ENSAIA .....	4
OBXECTO .....	5
CALENDARIO .....	5
DOTACIÓN.....	6
REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES .....	7
PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES .....	8
PROCESO SELECCIÓN.....	10
OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA .....	12
PROPIEDAD INTELLECTUAL .....	12
ACEPTACIÓN DAS BASES .....	13
PROTECCIÓN DE DATOS .....	13
RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.....	13



## RESUMO EXECUTIVO

*Lembra ler igual as bases, aquí soamente deixamos un resumo.*

Chegas a unha **bolsa diferente** porque busca apoiar ao maior número de persoas a desenvolver o seu camiño, futuro, idea ou traxectoria. Somos unha **comunidade** que naceu co soño de, doando cartos, outorgar, cada ano, unha bolsa a unha persoa que impacte en Galicia; así como apoiar á maior cantidade de traxectorias co saber da comunidade.

**Se tes unha idea, e unha idade entre 21 e 35 anos, segue lendo.**


Estamos aquí para sumar, por iso fixemos un proceso sinxelo que anime ás persoas, independentemente da súa actividade, a presentarse. Ler as bases é fundamental, aínda que resumindo hai catro puntos importantes:

- | **6.000€** | Outorgamos unha bolsa económica para investir no teu futuro.
- | **Posibilidades** | Ademais dunha bolsa económica, buscaremos *impactar ao maior número de proxectos* con contactos, formacións e coñecementos. É dicir, o simple feito de presentarse, pode ter premio.
- | **Idade** | Deberás ter *entre 21 e 35 anos* no momento da concesión.
- | **Traxectoria** | É unha bolsa destinada a apoiar traxectorias [explicámolo mellor abaixo].

Consulta ben as bases. Contas cunha serie de **dúbdidas frecuentes** na nosa páxina web e, de non aparecer aí, poderás contactar connosco na dirección: [administracion@ensaia.com](mailto:administracion@ensaia.com) (*trataremos de contestar axiña*).

**Se dubidas se presentarte, temos un consello: faino.**

Queremos apoiarte; por iso animámoste a *consultar as bases e participar*. Por suposto, se coñeces a alguén que encaixe, **comparte esta información**.



## 💧 SOBRE ENSAIA

*Esta pode que sexa a parte máis importante.*

Somos unha **comunidade** composta por máis de cento vinte persoas (facémonos chamar *pingas*) que, anónima e voluntariamente, doamos cartos co fin de facer posible, cada ano, a bolsa que estás a ver.

Nacemos cun sentimento de devolver a Galicia canto nos deu, polo que non pensamos no que recibimos con estas accións, senón soamente no que podemos dar.

Traballamos cunha **visión de longo prazo**, tratando de impactar positivamente na seguinte xeración; velaí que queiramos dar bolsas durante 50 anos que apoiem a capacidade e talento que nos rodea.


Se queres saber máis sobre nós, animámoste a ler o noso [manifesto](#), ou botar unha ollada as facianas das persoas que compoñemos esta [comunidade](#).

### Somos choiva. Pinga a pinga, seica vai chover.

Nacemos co convencemento de que en Galicia hai moitas persoas con capacidade, talento e proxectos de impacto para a comunidade que, en ocasións, precisan dun apoio (que mellor que o de cento vinte *pingas*) para conseguir desenvolver a súa traxectoria. Por este motivo, queremos compartir dúas cousas importantes antes de presentar as bases:

| Se podes optar á bolsa, non o dubides. Fixemos un **proceso aberto e moi sinxelo** no que, ademais de outorgar unha bolsa económica, buscamos apoiar como poidamos ao maior número de proxectos posibles. Así que antes de desistir, pregunta calquera dúbida.

| Se non podes optar á bolsa, animámoste a dúas accións; [1] A máis doada: **compárte** coas persoas que coñezas que poidan precisar deste impulso para o seu futuro. [2] Por outra banda, se a túa situación o permite e queres **axudarnos ao soño de facer posible dar dúas bolsas** o ano que vén, [mira aquí como facerte pinga](#).



## OBXECTO

*De verdade, queremos facer algo que che aporte valor si ou si.*

Estamos emocionados de poder presentar a terceira convocatoria de **bolsa ensaia** e esperamos que ti tamén participes desta emoción cando acabes de ler o que temos preparado.

Mediante esta convocatoria queremos conceder á persoa seleccionada unha **bolsa para o desenvolvemento da súa traxectoria profesional que busque potenciar un camiño que impacte dalgún modo en Galicia a nivel cultural, económico, artístico ou social.**

Esta bolsa é froito da doazón desinteresada de máis de cento vinte persoas e queremos estar seguros de que os cartos van á persoa idónea. Por iso, **ensaia** resérvase o dereito de deixala extinta.


Sabemos o esforzo e a ilusión que supón participar neste tipo de convocatorias e por iso tentaremos que, mesmo se non es a persoa finalmente seleccionada, saias deste proceso cunha experiencia que che aporte valor (aínda que non sexa económico, ás veces algúns consellos ou contactos poder resultar moito máis valiosos).

---

## CALENDARIO

*Sabemos que a espera, pagará a pena.*

- | 20 de setembro de 2023 · Apertura de convocatoria ás 12:00h
- | 20 de novembro de 2023 · Peche da convocatoria ás 23:00h [hora Galicia]
- | 18 de decembro de 2023 · Comunicación da preselección.
- | 18 a 30 de decembro de 2023 · Celebración de entrevistas.
- | 22 de xaneiro de 2024 · Notificación da resolución da convocatoria á persoa gañadora e apertura do prazo de aceptación da mesma.
- | Dende o 30 de xaneiro de 2024 · Nomeamento público da persoa gañadora, acto aberto e presencial de concesión da bolsa.



## DOTACIÓN

*Non soamente gaña quen leva os cartos, presentándote podes conseguir máis.*

A dotación desta bolsa está fixada en 6.000 euros, **nunha única bolsa**, e repartirase en dous pagos: un primeiro ao comezo e outro aos seis meses. Este importe deberá aplicarse totalmente ao seguinte concepto:

| Inversións económicas para facilitar a traxectoria da persoa seleccionada.


Do mesmo xeito, ademais da bolsa económica, coas persoas que o tribunal de selección decida e sen compromiso, **ensaia** traballará por aportarlles valor en dúas liñas específicas:

| Conseguir contactos de interese para a súa traxectoria.

| Aportar propostas de mellora ao proxecto presentado por parte de persoas expertas no campo.

Ningunha destas actividades incluírá a dotación de cartos por **ensaia**. Nin a bolsa económica nin tampouco as actividades non económicas que acabamos de mencionar poderán aplicarse ou dirixirse a proxectos xa realizados.

A bolsa está suxeita aos impostos que estipule a lexislación vixente os cales serán detraídos da correspondente dotación económica.



## REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

*Queremos abrilo a moitas persoas, velaí que o impacto sexa o máis importante.*

Se queres participar nesta convocatoria, deberás acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

| **Idade.** Persoas con idades comprendidas entre 21 e 35 anos, ambos inclusive, no momento de resolución da bolsa (xaneiro 2024).


| A bolsa é para **persoas físicas** e non para organizacións. Valoraranse candidaturas de máis dun individuo sempre que estean debidamente xustificadas.

| **Traxectoria.** A bolsa está destinada a **traxectorias profesionais**. É dicir, buscamos apoiar a persoas que busquen adicar o seu futuro á actividade.

| **Ámbitos.** Poden presentarse persoas de calquera sector, ámbito ou actividade.

| **Explica como pode impactar, repercutir ou aportar o teu proxecto en Galicia.** O proxecto deberá ter impacto en Galicia, co que poderán presentarse persoas de calquera nacionalidade ou lugar de residencia sempre que argumenten o impacto do seu proxecto na comunidade autónoma de Galicia a **nivel cultural, económico, artístico ou social**.

Isto implica explicar dende como afecta o teu traballo á túa localidade, comunidade, ou contorna; ata como podería impactar en toda Galicia se fose o caso.



## 🔹 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

*É un proceso doado e sinxelo. Non queremos que che leve moito, senón ver o teu traballo.*

Se queres participar, presenta a túa solicitude na páxina web de **ensaia**, no apartado de «bolsa». O prazo de presentación será dende as 12:00h do 20 de setembro de 2023 ata as 23:00h [hora galega] do 20 de novembro de 2023.


Para presentar unha solicitude será necesario cumprimentar o formulario dispoñible e aportar a seguinte información:

- | Copia do teu **documento nacional de identidade** ou pasaporte.
  
- | Unha **fotografía** de ti. Pedímosche esta foto exclusivamente por fins divulgativos e coa intención de poder darche visibilidade no caso de que divulguemos a túa obra. Por tanto, é a única das condicións opcionais sen que teña influencia na selección<sup>1</sup>.
  
- | **Quen es ti e que fixeches**. Cóntanos quen es ti, que fixeches; se tes un portofolio, redes, fáinolo chegar. Comparte connosco o teu currículo do xeito que consideres: cantando, debuxando, escribindo, falando, bailando ou como mellor comuniques. Compre destacar que valorarase calquera tipo de experiencia ou formación; sexa regrada ou non, sempre que para ti sexa importante.
  
- | Explícanos a túa **motivación persoal**. Queremos saber o teu propósito co teu proxecto ou traxectoria; que che motiva, por que che parece importante e o motivo polo que consideras que debes ser a persoa que leve esta bolsa.
  
- | **Impacto en Galicia**. En liña co explicado nos requisitos, cóntanos o impacto que, ao teu parecer, ten ou terá a túa traxectoria en Galicia; en que campos inflúe e por que.

---

<sup>1</sup> É importante que teñas claro que, no caso de que decidas facilitarnos a túa foto, poderemos usala tanto en medios propios (por exemplo a nosa web ou a nosa newsletter) como alleos (por exemplo, prensa dixital, redes sociais, ou calquera outro medio que poida aparecer no futuro). Soamente a usaremos para promocionarte a ti e á túa obra así como as actividades de **ensaia**.





**Que queres facer.** Aquí gustaríanos ver dúas cousas; unha proposta de curto prazo o máis detallada posible (*saber en que investirás os 6.000€ nos próximos 12 meses de xeito que resulten estratéxicos*); e unha proposta de longo prazo (*onde ves a túa traxectoria en cinco ou dez anos*).

### Importante!

Toda a información será presentada nun único documento pdf dun tamaño máximo de 100MB. Este debe conter tódalas respostas ás preguntas plantexadas previamente.

Dentro do documento pdf, podes contestar ás preguntas no formato co que sintas maior comodidade incorporando textos, imaxes, ligazóns a vídeos falando, portfolio, redes ou recursos que consideres necesarios para defender a túa proposta.

Poderás ademais incorporar aquela documentación adicional que creas que reforza a túa candidatura sempre que aporte valor.

E importante dicir que no cuestionario de solicitude, para darnos acceso ao pdf, deberás facilitar unha ligazón que permita a súa descarga sen caducidade.

Non aceptaremos ningunha documentación presentada fora de prazo.

### Lembra que non é cuestión de cantidade senón de calidade.




**1 |** Crea o teu arquivo pdf coa túa solicitude para a Bolsa ensaia 2023.



**2 |** Crea unha ligazón dese arquivo que permita a súa descarga permanente.



**3 |** Copia esa ligazón no cuestionario de solicitude da Bolsa para enviala.



## 💧 PROCESO SELECCIÓN

*Queremos abrilo a moitas persoas, velaí que o impacto sexa o máis importante.*

As solicitudes presentadas en tempo e forma serán revisadas por un equipo de **ensaia**, que comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

As solicitudes que non inclúan a documentación obrigatoria completa, ou as que non acrediten o cumprimento dos mencionados requisitos, quedarán fóra do proceso de selección. As solicitudes admisibles entrarán no proceso de selección, que consta de dúas fases:

### Preselección

A fase de preselección, de carácter selectivo e eliminatorio, efectuarase en réxime de concorrencia competitiva en base á documentación aportada na solicitude. Para iso, constituirase un comité de preselección, formado por recoñecidas especialistas nas diferentes materias, nomeado por **ensaia**. O comité de preselección terá como misión valorar as solicitudes con total imparcialidade e obxectividade, de acordo con, entre outros, os seguintes criterios:

- | Impacto en Galicia.
- | Potencial da traxectoria.
- | Autenticidade e orixinalidade da proposta.
- | Conciencia, responsabilidade e respecto polo entorno social, cultural e ambiental.
- | Impacto da bolsa e da comunidade na proposta.
- | Apertura cara a integración con máis entes.

### Selección

**ensaia** notificará os resultados da fase de preselección a partires do *18 de decembro de 2023*, por correo electrónico a tódalas persoas solicitantes.

As persoas seleccionadas serán invitadas a realizar unha entrevista. As datas de celebración das entrevistas serán entre os días *18 e 30 de*



decembro. A entrevista ten carácter obrigatorio en formato videoconferencia, tratando de adaptarse as necesidades loxísticas de tódalas persoas.

**ensaia** resérvase o dereito a modificar a modalidade ou data das entrevistas cando concorran circunstancias que, ao seu criterio así o xustifiquen. Estes cambios, no caso de producirse, notificaranse no tempo e forma oportunos ás persoas interesadas.

Será requisito para asistir á entrevista a presentación do DNI orixinal. A non presentación de dita documentación suporá o desestimento da persoa solicitante a participar nesta fase do proceso.

A entrevista realizarase ante un tribunal de selección, integrado por expertas do ámbito da selección de persoas; terá unha duración aproximada de 45 minutos nos que se valorarán distintos aspectos, entre outros, o nivel de entusiasmo e motivación da persoa entrevistada, o grado de madurez e idoneidade para desenvolver o seu proxecto, os seus valores e o seu compromiso social.

Do resultado das entrevistas obterase a relación de tódalas candidaturas finalistas que chegan ao último paso: a decisión final.


### Decisión final

O xurado repasará tódalas propostas seleccionadas co fin de elixir por consenso á persoa que recibirá a bolsa; comunicándose a súa decisión ás persoas o 22 de xaneiro de 2024. Do mesmo xeito, tódala información facilitada polas persoas finalistas, así como a gravación da entrevista, será compartida con tódalas persoas do xurado e tódalas *pingas* da comunidade (que poderán votar entre as finalistas conformando o sétimo ente do xurado) para poder elaborar unha decisión e emitir o seu voto.

As persoas solicitantes non deben contactar coas persoas que participan en calquera das fases do proceso de selección para solicitar información sobre o estado da solicitude ou calquera aspecto relacionado co proceso. De producirse o caso, a persoa solicitante quedará excluída da convocatoria.

A presente convocatoria poderá ser declarada deserta polo xurado.





## 💧 OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

*A parte máis importante: queremos impactar no teu futuro.*

A aceptación da bolsa supón a adquisición do compromiso de cumprir, en tódolos seus termos, os seguintes requisitos e obrigas:


- | Acudir ao **acto** de entrega da bolsa que se celebrará en Galicia.
- | Documentar e presentar debidamente a **xustificación dos investimentos** polo montante da bolsa, e realizar unha **memoria de actividades adaptada á persoa**; resumo dos avances, encontros, investimentos e aprendizaxes, mínimo, aos seis e aos doce meses seguintes ao acto de entrega.
- | Co fin de dar a coñecer á persoa e á súa obra; permitir o uso de **fotografías** e facilitar **material** para a súa divulgación por parte de **ensaia**.
- | Acudir presencial ou virtualmente, aos **encontros** con persoas de diferentes campos, especializacións ou sectores que a comunidade considere estratéxicas para o desenvolvemento da traxectoria da persoa, así como ao seguimento coa persoa asignada na función de mentora (mínimo catro encontros).
- | Doar unha obra, aplicación, impronta ou pegada do teu traballo<sup>2</sup>, a acordar no momento da aceptación da bolsa, con vistas a xerar e contribuír ao legado cultural de **ensaia** a través desta bolsa.

## 💧 PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse da bolsa, corresponderán ás autoras ou aqueles terceiros con mellor dereito de pacto distinto ou por aplicación da normativa ou lexislación vixente.

---

<sup>2</sup> Esta doazón a **ensaia**, pactada no momento da concesión, significa que cedes en exclusiva, e a título gratuito, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en tódalas súas modalidades desa obra específica, deica o seu paso a dominio público, sendo o ámbito territorial o mundo. Igualmente, facultas a **ensaia** a divulgación da obra así como a identificarte como autor ou autora da mesma.



## 💧 ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional das presentes bases e dos requisitos e obrigas establecidas nas mesmas, así como a declaración responsable da veracidade dos datos facilitados e os documentos aportados. **ensaia** resérvase o dereito de modificar estas bases en calquera momento. **ensaia** notificará ditos cambios, en caso de producir, no tempo e forma oportunos, sen que poidan dar dereito a reclamación algunha.

## 💧 PROTECCIÓN DE DATOS

Pódese consultar a política de privacidade de **ensaia**, en relación con esta bolsa, na páxina web: [www.ensaia.com/privacidadebolsa](http://www.ensaia.com/privacidadebolsa)

## 💧 RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A resolución da convocatoria notificarase o *22 de xaneiro de 2024 a partir das 12:00h* mediante correo electrónico ás persoas entrevistadas.

A decisión do tribunal de selección será definitiva e inapelable. **ensaia** non facilitará información sobre as solicitudes desestimadas.

A persoa seleccionada disporá dun prazo de sete días naturais a contar dende a data de notificación oficial para aceptar a bolsa concedida. No caso de que non acepte expresamente a bolsa no prazo establecido, a bolsa poderá adxudicarse á primeira persoa que figura na lista de reserva segundo orde de puntuación e así sucesivamente ou quedar deserta, se así o decide o tribunal de selección.

- [Entra na nosa web e accede ao formulario de presentación](#) -

3ª edición

# BOLSA ensaia.



Imaxe: vectorjuice

**6.000€**



PARA IMPULSAR A TÚA IDEA  
OU TRAXECTORIA PROFESIONAL  
*DE 21 A 35 ANOS*

Data límite > 20 de Novembro de 2023 | Bases en **ensaia.com**